

*Escolma de familia (cen anos de poesía)*

**Teresa Seara**

**Formas de citación recomendadas**

**1 | Por referencia a esta publicación electrónica\***

SEARA, TERESA (2011 [2001]). “*Escolma de familia (cen anos de poesía)*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 346-348. Reedición en *poesiagalega.org*. Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1170>>.

**2 | Por referencia á publicación orixinal**

SEARA, TERESA (2001). “*Escolma de familia (cen anos de poesía)*”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 2000, 346-348

\* Edición dispoñíbel desde o 8 de setembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

***Escolma de familia (cen anos de poesía)***  
**Vigo: Edicións Xerais**

---

***Teresa Seara***

No ano 1900 ve a luz en Pontevedra *Humildes*, un libro de poemas escrito por Emilio Álvarez Giménez. Esta publicación non tería maior relevancia para a nosa literatura —pois só se inclúe nela un epigrama en galego— de non ser porque o seu autor vai orixinar unha fructífera saga, a dos Álvarez, que vertebra todo o século XX e se continúa nos nosos días. Así, cando en 1857, Álvarez Giménez chega a Pontevedra como profesor —e tras casar, en segundas nupcias, con Amalia Limeses en 1871—, funda unha xenealoxía de intelectuais fondamente comprometidos coa cultura galega composta polo seu fillo Xerardo Álvarez Limeses, os netos Xosé María e Emilio Álvarez Blázquez así como Emilio Álvarez Negreira e os bisnetos, Xosé María, Celso e Alfonso Álvarez Cáccamo. Aínda que todos eles, como creadores, se van vincular a xéneros e movementos estéticos moi diversos, sempre subxacerá como elo aglutinante do seu labor o espírito de traballo a prol da nosa literatura. Precisamente, como acto de gratitude e homenaxe por este compromiso, e co gallo do centenario de *Humildes*, sae do prelo *Escolma de familia*, un volume miscelánico que percorre a historia literaria desta estirpe a través dunha antoloxía dos seus versos.

Previo o encontro coas creacións dos poetas, Xavier Rodríguez Baixeras achéganos, no “Limiar”, a árbore xenealóxica da saga dos Álvarez recompilando os aspectos biobibliográficos máis relevantes de cada un deles e establecendo tamén os nexos de unión entre as súas obras. Porén, antes de entrar en materia, salientará o carácter peculiar que posúe esta dinastía:

*Certamente, é caso inusitado en calquera literatura que poidamos comprobar, a través da sucesión dos compoñentes dunha mesma familia,*

*a maior parte dos distintos cambios estéticos que se foron producindo ao longo dun século. E sendo pouco máis dun século a duración da poesía galega contemporánea, tal fenómeno é, desde a nosa perspectiva, cando menos, sorprendente* (p. 8).

A través dos datos que recolle o prologuista, o lector vaise decatar, por un lado, da gradual identificación coa lingua galega que se vai producindo nestes escritores ata o punto de que, se ben, Álvarez Giménez bota man dela para os xéneros do ensaio e o teatro, o seu sucesor —Álvarez Limeses— xa a utiliza con maior asiduidade e os irmáns Álvarez Blázquez irán compaxinando a creación en galego e castelán. E, por outro lado, notará o fondo enraizamento desta familia nos círculos máis activos de defensa da cultura galega, mesmo, nalgúns casos, establecendo vínculos matrimoniais como acontece con Xerardo Álvarez Limeses que casa con Amalia, filla de Alexandre Bóveda. Estes dous feitos serán decisivos á hora de padecer, durante a Guerra Civil, a represión exercida contra as figuras máis activas do galeguismo deses momentos e que vai afectar tamén á familia Álvarez que perde, paseado, a un dos seus membros: Darío Álvarez Limeses, pai dos irmáns Álvarez Blázquez. Así recordará esta traxedia, anos despois de acontecer, o seu fillo Emilio en *O tempo desancorado*:

*É noso pai quen chama.  
Vén triste, esfarrapado,  
e nós non temos nada.*

*—Vaya con Dios, mi vida,  
dícelle a nosa nai.  
¡Como chora a probiña!*

*—Eu non pido, María,  
que só veño onda vós  
a dar a despedida,*

*que me levan á morte  
os infames, os tortos,  
os sañudos traidores.*

*Cando desperte o día  
morrerei sen máis culpa  
que ter a ialma limpa,*

*que amar a luz, o ar,  
as palabras da paz,  
a voz da libertade....* (p. 104)

Por outra parte, percorrer a obra dos Álvarez implica atopar desenvolvidas as liñas que marcan o paso da nosa poesía do século decimonónico ó actual. Desta maneira, partindo do romantismo imperante en Álvarez Giménez (cunha veta de defensa dos máis humildes e certo emprego do popular que logo terán continuidade noutros autores desta saga) chégase ó realismo de Xerardo Álvarez Limeses, figura tan representativa desa xeración poética que devalaba, a comezos da nova centuria, entre o ecoicismo das grandes voces do Rexurdimento e a busca de novas canles expresivas, que Méndez Ferrín toma o título da súa obra *Antre dous sé-*

*culos* para darlle nome xenérico ó grupo. Os seus fillos, Xosé María e Emilo Álvarez Blázquez, ó igual que o seu sobriño Emilio Álvarez Negreira, xa se amosan como autores integrados nas correntes que se desenvolven antes e despois do conflito bélico de 1936. Deste xeito, a pegada do neotrobadorismo nos irmáns Álvarez Blázquez, así como a tendencia imaxinista de Xosé María, teñen continuidade nas cantigas compostas por Álvarez Negreira quen optará despois por un lirismo introspectivo de diálogo co popular —trazo compartido co seu curmán Xosé María, gran estudioso da literatura oral— e cunha tendencia cara ó sensual presente na obra da última promoción desta saga: os irmáns Álvarez Cáccamo. Esta última galla da familia representa con maior relevo a dispersión nos aspectos creativos, esa pluralidade temática e estética que define a súa época, pois, se ben, Xosé María Álvarez Cáccamo é xa unha voz fundamental da denominada xeración poética dos 80 —aínda que tamén se reconece o seu valor como estudioso e mesmo como artista plástico, malia ser a súa irmá Berta máis coñecida neste terreo—, os seus irmáns Alfonso e Celso téñense revelado como poetas tras percorrer os camiños da narrativa e o ensaio, respectivamente.

A diversidade que amosan os Álvarez canto á expresión poética, así como a abundancia de membros desta familia con inquietudes literarias, conleva unha gran dificultade á hora de integrar baixo un epígrafe común a súa poesía, sen embargo, Xavier Rodríguez Baixeras apunta no limiar unha serie de trazos compartidos por todos eles. Destaca, en primeiro lugar, unha acusada presenza da natureza, humanizada nestes versos de *Canle segredo* de Xosé María Álvarez Blázquez: “*O vento vai e ven e tornavira,/ vento levían sen azos nin arelas;/ vento de non-ter-paz, de non-ter-vida,/ de, por non ter, non ter airo nas veas./ Vento calado e murcho/ que esquencéu o romor das centeeiras*” (p. 77). Igualmente obsérvase a recreación do mundo familiar, así fillos e netos homenaxean a Darío Álvarez Limeses —pola súa coherencia de ideas e o valor á hora de enfrontar a morte—, Xosé María Álvarez Blázquez dedicará á súa filla Colorín os versos de *Roseira do teu mencer* e, nas últimas promocións, aparecen as figuras paternas como garantes da memoria. Eis a nai en *Na flor do vento* de Alfonso Álvarez Cáccamo: “*Polo Patio dos Ventos, / entre sillóns durmidos,/ a nai arrastra follas da parra morta./ Quizais leva un segredo nos seus beizos de muller/ ou unha lista de receitas perfectamente aprendidas;/ quizais cavila na ingrata diversión dos netos/ que estoupan a tarde con petardos mudos./ Xa rematou de varrer e debe repartir recados na porta de abaixo*” (p. 160). Outro aspecto fundamental na obra destes poetas é a presenza do humor, como o que destila Xosé María Álvarez Blázquez cando fai pasar por un auténtico códice medieval o *Cancioneiro de Monfero*, composto por el mesmo, e que tamén sobrancea no primeiro poema en galego de Emilio Álvarez Giménez: “*Tiña eu afán de bicala/ y unha noite sen mais ley/ soprei, a luz apaguei/ y ela fuxiu pol-a sala:/ abriron á porta, y ay!/ dixo: “vaite meu Perico”./ Eu collín, é din un bico,/ é foi un bico ô seu pai*” (p. 31). Finalmente, destaca Rodríguez Baixeras a tendencia xenérica que amosan todos eles cara á lírica e á elexía así como unha “*predisposición conxénita*” para a musicalidade do verso.

Así pois, *Escolma de familia* preséntase como un volume necesario que pon de manifesto un feito crucial para as nosas letras: o labor constante desenvolvido polos membros da estirpe dos Álvarez, unha familia única na historia da nosa literatura contemporánea capaz de transmitir e manter vivo durante catro xeracións o lema de traballo e compromiso fiel para connosco.